

Plan de dinamización da **FP Dual** en Galicia 2018-2020

galicia




Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

FP
dual





Factor clave na 4ª revolución industrial

- A importante e constante evolución da Formación Profesional en Galicia consolídaa como factor clave na cualificación de capital humano capaz de dar resposta aos novos retos asociados á cuarta revolución industrial.


“Dous terzos do crecemento do emprego estarán vinculados a profesionais de FP”



Calidade e competitividade

- A Xunta de Galicia promove unha FP con participación máis activa da empresa no proceso formativo do alumnado. A maior implicación empresa-centro educativo repercutirá nunha maior calidade desta ensinanza e na competitividade do noso tecido empresarial.

“O papel da FP Dual é fundamental nesta dinámica”



Ensinanza adaptada á nosa realidade

- A Formación Profesional Galega é unha ensinanza moderna, dinámica e innovadora, adaptada á nosa realidade socio-económica e vía directa ao emprego.

“A FP de Galicia é referente en todo o Estado e está en liña cos principais países europeos”



Evolución da matrícula



+47%

aumento de matriculados/as desde 2008/2009



+51.000

matriculados/as



269

centros



Evolución da oferta

- Amplo abano de posibilidades para a cualificación e a formación ao longo da vida.

+40%

Aumento da oferta de ciclos sostidos con fondos públicos

+33%

dos títulos actuais non existían. Títulos adaptados ao tecido produtivo

Oferta do curso 2018/19				
	Grao básico	Grao medio	Grao superior	TOTAL
Presencial ordinario	208	395	381	984
Presencial adultos/as		93	89	182
Dual		18	32	50
A distancia adultos/as		18	27	45
TOTAL				*1.261

Ciclos sostidos con fondos públicos



Evolución da inserción laboral

- Mellora en 34,2 puntos nos índices de inserción laboral, cun 85,9% de **taxa de inserción laboral** no ano 2018, **máis do 90% en FP Dual**.



A esta evolución contribúe a FP Dual con proxectos pioneiros en España, como os ciclos da familia marítimo-pesqueira, o ciclo de Redes e Estacións de Tratamento de Augas ou o de Mantemento Aeromecánico.



SÓLIDO E SUSTENTABLE

Implantación dun modelo adaptado á nosa actividade produtiva, sustentable no tempo.



EVOLUCIÓN PROGRESIVA E CONTINUADA

Desde a implantación, no curso 2012-2013, do primeiro proxecto, o incremento experimentado na FP Dual de Galicia foi progresivo e continuado, cunha oferta de **50 ciclos novos** para o curso 2018-2019.



FORMACIÓN COMPARTIDA

Entre centro e empresa, remunerada para o alumnado e con alta na Seguridade Social.



VÍA DIRECTA AO EMPREGO

A taxa de inserción laboral 2018 foi do 90,7%: **9 de cada 10 alumnos traballan de forma estable.**




MÁIS POSIBILIDADES

No ano 2018 ábrese a posibilidade de **realizar FP Dual no período xaneiro-xuño** para o alumnado de 2º curso de ciclo ordinario. Igualmente remunerada e con alta na Seguridade Social.



GRAO DE SATISFACCIÓN

o **86% do alumnado** recomendaría a realización dun ciclo formativo de FP dual.





Evolución

A Formación Profesional dual iniciouse en Galicia no curso 2012-2013



	TITULACIÓNS	CICLOS FORMATIVOS	CENTROS EDUCATIVOS	EMPRESAS	ALUMNADO
2012-2013	1	1	1	1	14


A evolución da Formación Profesional Dual en Galicia foi progresiva e continuada, extendéndose aos diferentes sectores productivos de Galicia ata a situación actual.




TITULACIÓNS DIFERENTES



CICLOS FORMATIVOS



ALUMNOS



EMPRESAS COLABORADORAS



CENTROS EDUCATIVOS

EMPRESAS


Moitas das empresas máis representativas dos sectores estratéxicos galegos participan na FP Dual



ASOCIACIONES


Importantes asociacións galegas e nacionais colaboran na FP Dual






IMPULSO Á IMPLANTACIÓN DA FP DUAL

Para dar resposta ao crecemento vinculado coas demandas dos sectores produtivos e coa propia evolución da sociedade, a Xunta de Galicia debe dar un impulso determinante na implantación da formación profesional dual.




PLAN DE DINAMIZACIÓN DA FP DUAL

Neste eido,ponse en marcha o Plan de dinamización da FP Dual de Galicia, que pode ser obxecto de cofinancimento polo Fondo Social Europeo do Ministerio de Educación e Formación Profesional





Liñas de actuación



REDE GALEGA

Creación da Rede galega de dinamización da FP Dual (REGADual)



NOVOS PROXECTOS

Impulso á implantación de novos proxectos de FP Dual



RECURSOS E MATERIAIS

Elaboración de recursos e materiais adaptados aos/ás participantes



AXUDAS AO DESPRAZAMENTO

Axudas ao desprazamento para o alumnado de FP Dual, no período de estadía na empresa



PREMIO FP DUAL

Creación do Premio FP Dual Galicia



FORMACIÓN

Programa específico de formación



FOMENTO DA MOBILIDADE

Accións para o fomento da mobilidade de profesorado e do alumnado de FP Dual



REGADual

Pola Resolución do 22 de marzo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, créase, con carácter experimental, a **Rede galega de dinamización da FP dual** (REGADual) e a figura de responsable de dinamización de FP Dual.

A Rede traballará no maior achegamento entre a Formación Profesional e as empresas, de xeito que se atendan as necesidades de persoal cualificado dos diferentes sectores produtivos e se favoreza a mellora da competitividade e o desenvolvemento do noso tecido produtivo, e a Industria 4.0.



**CENTROS
DINAMIZADORES**



**PERSOAL
RESPONSABLE DA
DINAMIZACIÓN**






Centros dinamizadores

A rede contará con **47 centros dinamizadores** da FP Dual que estarán dotados cada un cunha persoa responsable da dinamización da FP dual a tempo completo.



Todos os CIFP formarán parte desta rede e seguirán sendo un referente na Formación Profesional galega.





Persoal responsable da dinamización

As persoas responsables de dinamización de FP Dual terán as seguintes funcións:



1

Facer prospección de empresas. Percorrer o tecido empresarial do ámbito de actuación do seu centro para explicar e difundir a FP Dual e determinar as necesidades das prazas de FP Dual nos distintos sectores produtivos.

2

Atender as necesidades das empresas, dando a coñecer os perfís profesionais axeitados en cada caso e fomentando o achegamento das empresas aos centros educativos.

3

Atender as necesidades dos titores e as titoras dos centros de traballo e dos centros educativos no desenvolvemento das súas funcións.

4

Divulgar a FP Dual entre o alumnado doutros niveis educativos, para o que contarán coa colaboración dos centros nos que se impartan estas ensinanzas, co fin de favorecer a orientación vocacional e profesional.

5

Asesorar a todos os actores participantes nos proxectos de FP Dual de cara á realización dunha xestión de calidade.

6

Poderá formar e informar eses actores e realizar outras actuacións relacionadas coa FP Dual.



Implantación de novos proxectos

Pulo á implantación de novos proxectos de FP Dual, co apoio da REGADual e os/as responsables de dinamización da FP Dual:

- **Colaboración con todo tipo de empresas**, independentemente do seu tamaño e da súa dimensión.
- **Colaboracións con asociacións empresarias e sectoriais, institucións e organizacións sen ánimo de lucro.**
- **Ampliación da implantación da FP Dual** a través de empresas punteiras, en sectores estratéxicos para Galicia.



ZONAS RURAIS

Pulo á FP das zonas rurais, favorecendo que o alumnado de Formación Profesional de calquera centro de Galicia poida ter acceso á FP Dual de 2º curso.



FLEXIBILIZACIÓN E ADAPTACIÓN

Flexibilización e adaptación dos requisitos para participar na FP Dual: de cara ao próximo curso **flexibilízase a limitación de idade para participar en proxectos de FP Dual**, ao desaparecer o límite superior.



CURSO 2018-2019

- **2,66% do alumnado total** matriculado en ciclos formativos públicos cursa unha modalidade dual.
- **Estimación de crecemento** nos próximos dous cursos: +40%.



No actual curso, empresas de sectores estratéxicos para Galicia e relacionados coa Industria 4.0 incrementaron a súa participación na Formación Profesional Dual.



MADEIRA E MOBLE

por primeira vez ofértanse catro ciclos na modalidade de FP Dual.



MARÍTIMO-PESQUEIRA

por primeira vez ofértanse dous ciclos na modalidade de FP Dual.



AUTOMOCIÓN

Seis ciclos con FP Dual no 2018-19, un 200% máis que o curso pasado.



TIC

Tres ciclos con FP Dual no 2018-19, un 200% máis que o curso pasado.



FABRICACIÓN MECÁNICA

Sete ciclos con FP Dual no 2018-19, un 600% máis que o curso pasado.



Axudas ao desprazamento

No ano 2019 publicarase a convocatoria de axudas para o desprazamento do alumnado matriculado en FP dual, durante o período de estadía na empresa.

Apóíase a mobilidade do alumnado aos centros de traballo.

Importes das axudas:

ATA 300€

Co centro de traballo dentro da comunidade autónoma.

CONTÍA FIXA DE 200€

Co centro de traballo fóra da comunidade autónoma.

ATA 1.500€

Co centro de traballo fóra do territorio español.



Premio FP Dual Galicia

A FP Dual sustenta o seu éxito na confianza e no compromiso do tecido empresarial galego. Faise necesario, por tanto, pór en valor e recoñecer a súa colaboración.

Créase no ano 2019 un premio de carácter anual.

Categorías:

PREMIOS A EMPRESAS E INSTITUCIÓNS

- Mellor práctica de Formación Profesional Dual - pequena e mediana empresa
- Mellor práctica de Formación Profesional Dual - gran empresa.
- Mellor práctica de Formación Profesional Dual - organizacións (asociacións empresariais, cámaras de comercio, institucións, fundacións e outro tipo de colectividade sen ánimo de lucro).

PREMIO A TITOR/A DE EMPRESA

- Mellor titor/a de empresa.






Elaboración de recursos e materiais

O modelo de FP Dual de Galicia porá á disposición dos distintos actores que interveñen na FP Dual os recursos específicos e os materiais necesarios para unha xestión eficaz e homoxénea dos proxectos.



GUÍAS E MATERIAIS

Os centros da REGADual e os /as responsables de dinamización da FP Dual terán un papel destacado na determinación das necesidades e no desenvolvemento de recursos e materiais



XESTIÓN DOCUMENTAL

A xestión da documentación necesaria para o desenvolvemento da FP Dual contará con acceso a través de medios electrónicos que faciliten a súa execución



GUÍA PARA CENTROS EDUCATIVOS



GUÍA PARA EMPRESAS



INFORMACIÓN AO ALUMNADO



MATERIAL DE APOIO EN LIÑA



XESTIÓN DOCUMENTAL EN LIÑA



Mobilidade

De cara ao próximo curso 2019-2020 realizarase unha convocatoria específica de mobilidade, para o profesorado e o alumnado que estea a cursar FP Dual.

Estas mobilidades permitirán:

1

MELLORAR O PROXECTO FORMATIVO DUAL

E complementar as competencias profesionais e outras competencias transversais do alumnado.

2

MELLORAR AS COMPETENCIAS LINGÜÍSTICAS

En particular as correspondentes á linguaxe técnica específica de cada profesión, no profesorado e no alumnado.

3

PERSOAL ALTAMENTE CUALIFICADO

Facilitar ás empresas galegas persoal altamente cualificado.





Persoal responsable de dinamización da FP Dual



Persoal docente de centros educativos



Titores/as de empresas



Empresas ou asociacións de empresas



Titores/as de centros educativos



Institucións e organizacións sen ánimo de lucro



Equipos directivos



Programas de formación

Realizarase formación continua dirixida a:



Plan de dinamización da **FP Dual** en Galicia 2018-2020

galicia



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA